

NORMATIVA DA COPA GALICIA DE CLUBS 2024

A Federación Galega de Bádminton (FEGABAD) organiza a Copa Galicia de clubs de Bádminton como actividade para a promoción do deporte galego. O obxectivo da Copa Galicia é crear un entorno de competición e aprendizaxe que sirva para incentivar o desenvolvemento dos clubs galegos, o deporte de base e recreativo en todas as categorías de idade.

A Copa Galicia dispútase nun formato de competición por equipos con **catro modalidades distinguindo feminina - masculina e absoluta - Sub-15**. Todas as modalidades celébranse na **mesma sede e data** coa intención de potenciar as relacións persoais entre xogadores/as de diferente categoría e fortalecer as relacións de cooperación entre deportistas. **Se ben nesta tempada, para favorecer a participación de clubs que non teñen deportistas en ambas categorías de idade e/ou xénero, se realiza unha proposta de competición independente con catro campionatos.**

Denominacións

- Os equipos que resultasen vencedores de cada modalidade serán proclamados:
 - “Campion da Copa Galicia de Clubs Feminina **Absoluta**”
 - “Campion da Copa Galicia de Clubs Feminina **Sub-15**”
 - “Campion da Copa Galicia de Clubs Masculina **Absoluta**”
 - “Campion da Copa Galicia de Clubs Masculina **Sub-15**”
- O club coa mellor clasificación **global** será proclamado “**SúperCampion** da Copa Galicia 2024”.

Categorías

- A Copa Galicia de Clubs disputarase en categoría Absoluta e Sub-15.

Celebración

- A competición será de celebración anual e estará incluída no Calendario de Eventos da FEGABAD.
- Disputaranse todos os encontros nunha única xornada. A data establecida para a celebración da xornada é aprobada pola Asemblea Xeral da FEGABAD.
- Se a inscrición recibida e o calendado da competición o permite, favorecerase a realización dun parón de 1 hora para realizar unha comida de convivencia.**

Requisitos de participación

- Esta competición queda restrinxida á participación de clubs con licenza federativa pola Federación Galega de Bádminton.

8. Non se establecen límites de participación para promover a inscrición de todos os clubs federados de Galicia.
9. Un club poderá inscribir varios equipos, tanto femininos como masculinos, na competición.
 - a. Non se establece un número límite de equipos que pode inscribir cada club.
 - b. Poderán establecerse restricións ao número de equipos por club no caso de que se reciban máis solicitudes que capacidade teña a instalación.

Inscrición de equipos e taxas

10. Para participar na Copa Galicia de Clubs cada equipo deberá inscribir un mínimo de 3 deportistas.
11. Cada club deberá presentar a documentación de inscrición na Copa Galicia de Clubs:
 - a. Equipos participantes. O club deberá comunicar o número de equipos que presenta a cada modalidade.
 - b. Deportistas participantes. O club deberá comunicar os/as deportistas que inscribe en cada equipo e non se permite o cambio de deportistas de equipo do mesmo club unha vez realizada a inscrición.
 - c. Técnicos participantes. O club deberá comunicar o/a(s) técnico principal de cada equipo participante.
12. A cota de inscrición será de 50€ para o primeiro equipo e de 40€ para o segundo e sucesivos equipos de cada club.

Inscrición de deportistas

13. Os/as deportistas deben estar en posesión de licenza deportiva polo club ao que representan ou, no caso de deportistas cedidos, licenza deportiva en vigor tramitada nalgún club de Galicia.
14. Un mesmo deportista non poderá estar inscrito en dous ou máis equipos, xa sexan do mesmo ou diferente club.
15. **Categorías** de idade (conforme establece a Normativa de Réxime Interno e Funcionamento da FEGABAD):
 - a. Poderán inscribirse como deportistas e disputar partidos da proba absoluta as persoas de calquera categoría de idade (sénior, absoluta, sub-23, sub-19, sub-17, sub-15, sub-13, sub-11 e sub-9).
 - b. Poderán inscribirse como deportistas e disputar partidos da proba Sub-15 as persoas de categoría Sub-15, Sub-13, Sub-11 e Sub-9.
16. Permítese a participación, en calidade de **cedidos/as**, de deportistas que dispoñan de licenza por un club distinto co que pretendan disputar a competición da Copa Galicia.
 - a. Permítese a cesión de deportistas de clubs que non participen na Copa Galicia.
 - b. Permítese a cesión de deportistas de clubs que participan na Copa Galicia, sempre que o club de orixe non conte con cedidos (na mesma modalidade).
 - c. Permítese a cesión de deportistas independentes con licenza pola Federación Galega de Bádminton.
 - d. Permítese a cesión de deportistas de calquera categoría de idade.

- e. A inscrición de deportistas cedidos/as deberá vir acompañada do “Documento de cesión **para a Copa Galicia de Clubs 2024**”. Non existen segundos prazos de inscrición ou cesión.
- f. Existirá un límite de deportistas cedidos en cada equipo que se establecerá en función do número de deportistas propios do club inscritos nese equipo.

Táboa 1. Límite de deportistas cedidos relativo aos deportistas inscritos do propio club

DEPORTISTAS CON LICENCIA NO CLUB INSCRITOS NO EQUIPO	MÁXIMO DE DEPORTISTAS CEDIDOS	INSCRITOS TOTAIS
3	1	4
4	2	6
5	2	7
6	3	9
7	3	10
8	2	10
9	1	10
10	0	10

17. Permítese a participación de **deportistas non seleccionables** (non posúan nacionalidade española) **sempre que teñan licenza activa nun club de Galicia**.
18. A **composición dos equipos** estará formada por un mínimo de **3** deportistas e un máximo de 10 deportistas.

Inscrición de técnicos/as e delegados/as

19. Os/as técnicos/as e delegados/as deben estar en posesión de licenza territorial ou nacional polo club ao que representan. Non poderán actuar como técnicos ou delegados de outro club que non sexa polo cal teñan habilitada a licenza (salvo no caso dos deportistas cedidos que dispoñan de licenza activa por dito estamento nun club de Galicia).
20. Cada técnico/a só poderá exercer **de técnico principal nun equipo por modalidade**, debendo especificarse na inscrición do equipo.
21. Nunha mesma modalidade unha persoa non poderá exercer a función de técnico/a nun equipo e de xogador/a noutro equipo.
22. A licenza esixida para realizar cada función é a que se especifica na seguinte táboa, se ben unha mesma persoa poderá exercer ambos roles sempre que teña a licenza tramitada en ambos estamentos:

Táboa 2. Tarefas por rol: adestrador / delegado

ROL	INSCRICIÓN DO EQUIPO	ENTREGA DA ALINEACIÓN	INSTRUCCIÓN EN PISTA
Adestrador/a	non	si	si
Delegado/a	si	si	non

Programa de competición

23. O **sistema de competición** da Copa Galicia de Clubs determinarase unha vez coñecido o número de equipos inscritos en cada modalidade.
- Sendo o sistema preferente de competición** o sistema mixto (fase de grupos e de eliminación directa).
 - Poderá determinarse un sistema de competición diferente para cada modalidade en función do número de equipos inscritos en cada unha delas.**
24. Para a elaboración dos **cadros de xogo** tomarase como referencia a Normativa de Competicións Puntuables para o Ránking Nacional da Federación Galega de Bádminton para a tempada en vigor.
25. A distribución e **sorteo** realizarse seguindo os seguintes criterios da Normativa de Competicións Puntuables para o Ránking Nacional da Federación Galega de Bádminton para a tempada en vigor.
- Buscarase a separación dos cabezas de serie e, na medida do posible, evitarse a coincidencia de varios equipos dun mesmo club.
 - Os **cabezas de serie** estableceranse tendo en conta o Ránking Nacional de clubs (RNc) á data de finalización da inscrición. Se non puidera empregarse, seguirase a orde de clasificación na *Liga Nacional de Clubs 2023-2024*.
 - Cada club só poderá ter un equipo cabeza de serie por modalidade.
26. O **programa de competición** determinarase en función da inscrición recibida. Exemplo de distribución para sistema mixto:

Táboa 3. Exemplo de distribución de equipos por grupos na fase previa se houberse 12 inscricións

GRUPO 1	GRUPO 2	GRUPO 3	GRUPO 4
Cabeza de Serie 1	Cabeza de Serie 2	Cabeza de Serie 3	Cabeza de Serie 4
Sorteo	Sorteo	Sorteo	Sorteo
Sorteo	Sorteo	Sorteo	Sorteo

Táboa 4. Exemplo de programa de competición da fase de eliminación directa para 8 equipos

CF A	1º Grupo 1	SF A	Vencedor CF A	FINAL	Vencedor SF A
	Sorteo 2º 2/3		Vencedor CF B		
CF B	Sorteo 2º 2/3	SF B	Vencedor CF C		Vencedor SF B
	1º Grupo 4		Vencedor CF D		
CF C	1º Grupo 3	SF B	Vencedor CF C	Vencedor SF B	
	Sorteo 2º 1/4		Vencedor CF D		
CF D	Sorteo 2º 1/4	SF B	Vencedor CF D	Vencedor SF B	
	1º Grupo 2		Vencedor CF D		

- No caso de que a inscrición e a instalación o permitan estableceranse encontros de consolación (estes encontros non contabilizarán no caso de desempate para determinar o SuperCampión da Copa Galicia de Clubs).

27. O **calendado** da competición será establecido unha vez coñecida a inscrición. O horario de comezo da xornada non será anterior ás 9:00h e o último encontro non deberá programarse máis tarde das 20:00h.

Encontro

28. O número de partidos por encontro será de **3 partidos** disputaranse na seguinte orde (salvo que exista un acordo entre os técnicos/delegados dos equipos e/ou cando un deportista teña sido aliñado en dous partidos consecutivos co consentimento do Xuíz Árbitro):

1º: Individual 1

2º: Individual 2

3º: Dobres

29. **Finalización** dos encontros:

- En todos os sistemas de competición os encontros finalizarán unha vez se disputen todos os partidos que compoñen o encontro, a efectos dun posible desempate polo título de SuperCampión da Copa Galicia de Clubs. Excepto que non afecte e baixo acordo dos equipos afectados e do Xuíz Árbitro.
- No caso de que un encontro fose significativamente retrasado en comparación co resto, a xuízo do Xuíz Árbitro e sempre que a capacidade da instalación o permitise, poderanse xogar dous partidos dun mesmo encontro en simultáneo. Os equipos non poderán negarse á simultaneidade, pero si solicitar un preaviso de quince minutos para quecemento.

30. O sistema de **puntuación** será ao mellor de 3 sets de 15 puntos, seguindo as regras alternativas de bádminton establecidas pola BWF. En función da inscrición recibida poderán valorarse outros sistemas de puntuación.

<https://extranet.bwf.sport/docs/document-system/81/1466/1470/Section%204.1.4%20-%20Alternative%20Laws%20of%20Badminton%20-%20V1.0.pdf>

Aliñación e participación

31. A **entrega** de aliñación realizarase con, polo menos, 30 minutos de antelación á hora estipulada para o comezo do encontro polos técnicos/as acreditados para cada equipo.

32. Aliñación de cada **deportista**:

- Un mesmo deportista non poderá ser aliñado en máis de dous partidos por encontro.
- Un mesmo deportista non poderá disputar dous individuais nun mesmo encontro.
- Un deportista só poderá ser aliñado no equipo polo que fixo a inscrición.

33. Será obrigatorio aliñar a **deportistas seleccionables** en un mínimo de 2 partidos en cada encontro. A combinación nunha proba de dobres dun deportista seleccionable e outro non seleccionable considerarase como proba disputada por non seleccionables.

34. Considerarse unha **aliñación completa**, cando na aliñación e no momento de ser chamado a pista, cada equipo dispoña de un mínimo de **3** deportistas.

- Se nalgún encontro non dispuxera do mínimo, permitirase disputar o encontro se o número de deportistas presentes permite gañar o encontro.
- No caso 34.a. poderá escoller o equipo que proba non disputar (individual ou dobres), pero no caso de non disputar un individual deberá non aliñar no número 2.

- c. Se non tivese deportistas suficientes para gañar o encontro, e houbera unha causa xustificada, darase ese encontro por perdido e permitiráselle xogar outros encontros.
 - d. Se non tivese deportistas suficientes para gañar o encontro, e non houbera unha causa xustificada, eliminarase ao equipo da competición.
35. Nos encontros en que ambos equipos presenten unha **aliñación incompleta** e se produza un empate, **seguirase a normativa da BWF para desempate**.
36. Nos encontros en que ambos equipos presenten unha aliñación completa, pero non se dispute algún dos partidos por **retirada ou lesión** dun deportista, procederase do seguinte xeito:
- a. **Se a retirada ou lesión prodúcese co partido comezado, o deportista non poderá ser substituído nese partido e darase por gañado ao equipo rival.**
 - b. **Se a retirada ou lesión prodúcese antes de comezar o partido, o deportista poderá ser substituído sempre e cando se cumpran o resto de condicións dunha aliñación correcta e non se trate do último encontro da xornada.**
 - c. O deportista retirado nun encontro, poderá volver a ser aliñado en partidos de encontros posteriores **mais non no encontro inmediatamente posterior.**

Clasificación (en cada modalidade)

37. En sistema de competición por grupos ou fase previa do sistema mixto, os encontros puntuarán da seguinte forma:
- a. Encontro ganado: 3 puntos
 - b. Encontro perdido: 0 puntos
 - c. Encontro non presentado: -1 punto
38. En sistema de competición por eliminación directa, a victoria ou a derrota no encontro marcarán a clasificación.
39. En caso de producirse un empate seguirase a normativa BWF de desempate.
40. Cando concorran causas excepcionais e/ou de forza maior que impidan a finalización de todos os encontros previstos, a clasificación determinarase de acordo a:
- a. Se ditas circunstancias se producen durante o transcurso da fase de grupos non se determinará unha clasificación final da competición.
 - b. Se ditas circunstancias se producen unha vez finalizada a fase de grupos, a clasificación virá determinada pola clasificación na fase regular e tendo en conta os partidos xa disputados da eliminación directa. Así, por exemplo, será campión o mellor clasificado na fase regular da ronda en xogo, subcampión o segundo mellor clasificado na fase regular da ronda en xogo, e así sucesivamente.

Clasificación (SuperCampión da Copa Galicia de Clubs)

41. O **SuperCampión da Copa Galicia de Clubs** determinarase sumando a puntuación lograda por todos os equipos dun mesmo club, sendo imprescindible ter inscrito polo menos un equipo en cada unha das catro modalidades (Sub-15 masculina, Sub-15 feminina, absoluta masculina e absoluta feminina).
42. A puntuación de cada equipo virá determinada pola posición final na clasificación da súa modalidade, seguindo o estipulado na táboa 5.

Táboa 5. Número de puntos por equipo e posto conseguido

POSTO FINAL NA MODALIDADE	NÚMERO DE PUNTOS
CAMPIÓN (1º)	100
SUBCAMPIÓN (2º)	60
TERCEIROS/AS CLASIFICADOS/AS (3º)	40
CUARTOS/AS CLASIFICADOS (4º)	25
QUINTOS/AS CLASIFICADOS (5º)	20
SEXTOS CLASIFICADOS (6º)	15
SÉPTIMOS CLASIFICADOS (7º)	10
OITAVOS/AS E SUCEIVOS/AS CLASIFICADOS (8º, 9º, 10º...)	5
EQUIPOS ELIMINADOS POR INCOMPARECENCIA OU ALIÑACIÓN INCOMPLETA ou CLUB SEN INSCRICIÓN NA MODALIDADE	0

43. En caso de empate a puntos entre dous ou máis clubs na primeira posición establécense os seguintes criterios de desempate nesta orde:
- O club que quedase campión en máis modalidades.
 - Se persistise o empate, o club con maior número de encontros gañados en enfrontamentos directos entre os equipos empatados será o gañador.
 - Se persiste o empate, o club con maior número de partidos gañados en enfrontamentos directos entre os equipos empatados será o gañador.
 - Se persistise o empate, o club con mellor ratio de puntuación final ($r = \frac{\text{puntos}}{\text{equipos}}$).
 - Se persistise o empate, seguiranse os criterios de desempate establecidos por BWF para eventos por equipos.

Premios

- Trofeo ou Copa ao club SuperCampión da Copa Galicia de Clubs.
- Trofeo ou Obsequio aos clubs campión, subcampión e terceiros clasificados de cada modalidade da Copa Galicia de Clubs.
- Trofeo ou Obsequio ao club con maior inscrición (equipos participantes na competición).
- Trofeo ou Obsequio ao club con maior participación (número de deportistas que disputaron de forma efectiva cando menos un partido).
- Medalla ou Obsequio á “Xogadora Máis Valiosa en categoría absoluta Copa Galicia 2024”.
- Medalla ou Obsequio ao “Xogador Máis Valioso en categoría absoluta Copa Galicia 2024”.
- Medalla ou Obsequio á “Xogadora Máis Valiosa en categoría Sub-15 Copa Galicia 2024”.

51. Medalla ou Obsequio ao “Xogador Máis Valioso en categoría Sub-15 Copa Galicia 2024”.

Volante

52. Xogarase con volante de pluma. A marca, modelo e velocidade será determinada pola FEGABAD.
53. O Xuíz Árbitro designado polo CAGB para a Copa Galicia de Clubs entregará, ao final do evento, 3 botes de volantes sen abrir ao organizador local da xornada.

Indumentaria

54. Se consideran obrigatorios os seguintes aspectos:
- Os compoñentes do mesmo equipo, incluído os adestradores, deberán dispoñer de 1 prenda superior similar e identificadora do equipo / club que deberán empregar no momento de subir ao podio.
 - Os deportistas non poden xogar cunha camiseta dun club ou selección distinta ao equipo que representan na Copa Galicia de Clubs.
 - Os deportistas non poden xogar cunha camiseta que identifique o nome doutro deportista e/ou club. A selección autonómica e nacional identificaranse como un equipo distinto ao representado na Copa Galicia de Clubs.
55. Se consideran recomendables os seguintes aspectos:
- Todos os integrantes do equipo disputen o encontro cunha camiseta de cor semellante.
 - Nas probas de dobres ambos deportistas xoguen cunha prenda superior similar en estilo e cor.
 - Identificación do nome do deportista e do club ao que representan na Copa Galicia de Clubs na parte posterior da camiseta.
 - A localización da publicidade, nome e club siga as instrucións de formatos, localizacións e medidas que establece a normativa vixente da BWF.

Arbitraxe

56. Os requisitos arbitrais desta competición serán: 1 xuíz árbitro e 2 árbitros para control de pistas.
57. Os requisitos anteriores poderán ser modificados en función da inscrición ou da dispoñibilidade do equipo arbitral.

Disposición final

58. Os aspectos regulados na normativa pendentes de determinar en función da inscrición recibida serán revisados e estipulados pola Area de Eventos, a Area de Promoción e a Comisión Arbitral Galega de Bádminton de FEGABAD.



59. Para aquelas disposicións que non fosen contempladas na presente normativa será a Comisión Delegada da FEGABAD a que o regule unha vez escoitado ao Persoal Técnico da FEGABAD e tendo como referencia a normativa da FEGABAD, FESBA e BWF.